

Transición Industrial

A oportunidade de reindustrialización que Galicia non pode perder

Informe Especial 2024

Prólogo

Nunha comunidade autónoma como a galega, cunha predominante terciarización da súa economía, resulta imprescindible resaltar o papel que desempeña a industria na mesma.

Nun contexto de economía global, o sector industrial constitúe un importante motor da nosa actividade exportadora e manifesta unha indubidable capacidade de arrastre doutros sectores.

A pesar da relevancia do sector, os datos quizais non cheguen á nosa sociedade, que pode recibir mensaxes máis negativas sen que se incida noutras de signo contrario, positivas, como son a implicación do sector na investigación, a aplicación de tecnoloxía tendente á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro; ou aspectos como a xeración de emprego estable e de calidade, a participación do sector na formación continua das persoas traballadoras e, en definitiva, o desenvolvemento do benestar da sociedade galega.

Incrementar o tamaño do noso sector industrial (formado polas manufacturas, as actividades enerxéticas e as actividades extractivas) constitúe un elemento estratéxico de primeira orde para a nosa comunidade autónoma.

As actividades industriais intégranse en cadeas de valor globais e complexas, nas que conflúen empresas emblemáticas con pequenas e medianas empresas (pemes e micropemes). Con respecto a esta integración, a interacción da industria co resto da economía vai moito máis alá da fabricación e é preciso contemplar a subministración de materias primas como os servizos a empresas e consumidores de loxística, e posvenda.

Por este motivo, o sector industrial debe ser visto dunha maneira máis ampla, entendendo a unidade de produción non só como a manufactura final propiamente dita, senón considerando tamén o proceso de produción e servizos asociados á cadea de valor.

Para Galicia é crucial o sector industrial polos seus efectos de arrastre sobre variables tan importantes como o emprego, a innovación ou a internacionalización da súa economía. Debemos aproveitar o reto da dixitalización e da transición enerxética para mellorar e incrementar o peso do sector industrial. A nosa comunidade autónoma debe apostar por avanzar no desenvolvemento dunha industria enerxética e transformadora que adquira unha maior relevancia na economía, sen deixar de lado a necesidade de desenvolver tamén o sector extractivo.

Considerando a cualificada presenza en Galicia de actividades relacionadas cos recursos naturais, debemos incidir en ser capaces de transformalos en VEB das actividades manufactureiras, así como aproveitar as oportunidades da descarbonización e da transición ecolóxica para gañar peso na actividade enerxética.

Galicia ten nestes momentos de conversión económica o necesario para converterse nun territorio industrial. A iso contribúe que a nosa comunidade presenta condicións, polas súas singulares características xeográficas, climáticas e ambientais, que lle outorgan os recursos para converterse nunha potencia no campo da produción e almacenamento de enerxías renovables e para situar centros de produción e decisión en sectores avanzados.

É innegable que a contorna empresarial atópase marcada pola necesidade de acometer cambios e reformas, polo que é preciso profundar en medidas de mellora que faciliten o incremento da competitividade, da innovación e da produtividade, e que permitan un maior grao de internacionalización das nosas empresas.

Tamén resulta clave realizar unha tarefa de sensibilización cara ao conxunto da sociedade, involucrándoa activamente na defensa do tecido empresarial industrial, en canto xerador de riqueza, coñecemento e benestar social para o conxunto da sociedade.

O devir do sector industrial galego dependerá directamente da nosa capacidade para afrontar os retos, especialmente para adaptarnos ás transicións ecolóxica e dixital.

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia

CONTIDOS

I. A política industrial de Galicia nun contexto de mudanzas

Julio Pombo (Director Xeral de Impulsa Galicia)

II. Transición industrial e reindustrialización de Galicia

II.1. Principais retos para o mantemento e desenvolvemento do sector industrial en Galicia

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

II.2. Presente e futuro do metal galego

Asociación de Industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia (ASIME)

Introdución

As inevitables transicións ecolóxica (en gran medida enerxética) e dixital determinan e condicionan, ante as intensas interrelacións existentes, o sector industrial galego. Esta transición na industria debe abordarse nos contextos do cambio climático, que en parte a motiva, das obrigacións adquiridas de descarbonización e, tamén, da crecente conflitividade en distintos puntos do planeta (cun cambio da xeoestratexia global e das relacións de interdependencia a nivel internacional); con todas as consecuencias que estes contextos implican para as diferentes variables macroeconómicas.

Analizar a maneira na que Galicia se enfronta a esa transición industrial é o obxectivo deste capítulo. O estudo ofrece, por unha banda, unha reflexión sobre a política industrial da comunidade, o que podemos entender como a perspectiva institucional respecto aos cambios necesarios neste sector e a como abordalos; e, por outra banda, a perspectiva do propio sector industrial galego, centrándose nos que, ao seu xuízo, son os principais retos aos que se enfronta e apuntando algunhas das respostas que propoñen. Esta segunda parte ofrece tanto a visión do sector industrial en xeral, como a que se centra no metal que, en realidade, engloba boa parte da industria galega.

I. A política industrial de Galicia nun contexto de mudanzas

1. Trazos xerais

- A transición enerxética, a relocalización en Occidente das cadeas de subministración por motivos xeoestratéxicos e a fin do diñeiro barato están a definir un novo marco para o desenvolvemento de políticas industriais a nivel internacional.
- Neste contexto, o sector industrial de Galicia ten ante si oportunidades e ameazas. A política industrial de Galicia ten que permitir aproveitar as nosas fortalezas, ao tempo que mitigar as debilidades do actual tecido socioeconómico e institucional.
- Para iso, sería relevante aplicar iniciativas de “nova política industrial” que, complementando as de corte máis tradicional, facilitasen o desenvolvemento do tipo de proxectos máis beneficiosos para Galicia.
- As actuacións de política industrial neste novo contexto, ademais de incrementar o peso da industria na economía e no emprego, deben facilitar a retención de centros de decisión e innovación no territorio, así como dispoñer mecanismos para que o conxunto da sociedade poida participar do desenvolvemento e dos beneficios dos proxectos.
- A Administración autonómica está a implementar unha estratexia industrial baseada no aproveitamento sostible dos recursos propios de Galicia, en particular do enerxético, e na promoción activa daquelas iniciativas que, pola súa capacidade tractora e o seu potencial impacto socioeconómico, considera particularmente relevantes.

2. Contexto da nova política industrial de Galicia

Durante a campaña electoral do 18F, os principais partidos políticos coincidiron na necesidade de incrementar o peso do sector industrial. Isto era previsible, pero foi novo o feito de que todos os partidos coincidisen tamén en propoñer políticas industriais activas para conseguir este obxectivo, incluíndo a participación directa da Administración en certas iniciativas empresariais consideradas estratéxicas.

Este renovado *activismo industrial do sector público* non supón en absoluto unha excepcionalidade galega. Enmárcase nunha tendencia global xurdida en resposta a tres grandes forzas que están a determinar o devir económico nos últimos anos:

- o cambio do modelo enerxético,
- o repregamento da globalización por motivos xeoestratéxicos,
- as tensións inflacionistas e de tipos de interese resultantes.

Ante este panorama, boa parte dos prescritores de política económica coinciden en que as respostas necesarias non poden ser fiadas enteiramente á iniciativa privada e que, por tanto, a intervención pública resulta necesaria en maior ou menor intensidade. Planea tamén no ambiente o caso da China, onde a iniciativa estatal conseguiu crear líderes mundiais en sectores clave como a automoción eléctrica ou as enerxías renovables, ao

mesmo tempo que permitiron que ese país monopolice partes críticas das cadeas mundiais de subministración. A nova política industrial deberá orientarse a situar novos actores en sectores emerxentes ou estratéxicos do noso propio territorio, incluíndo as súas cadeas de subministración, antes que a sosteñer empresas en dificultades en sectores maduros.

En xeral ponse en cuestión o principio de mínima intervención do Estado nas iniciativas industriais, dentro do coñecido como *Consenso de Washington*. Este leva tempo producíndose nos países occidentais, particularmente a partir da chegada á Casa Branca de Trump e o seu *Make America great again* en 2016. Con todo, a consagración desta nova política industrial foi responsabilidade do demócrata Joe Biden, ao introducir en 2022 a *Inflation reduction act* (IRA).

A IRA inclúe un conxunto de iniciativas abertamente orientadas a desenvolver cadeas de produción completas, en territorio local e en sectores estratéxicos. Entre outras providións, a IRA destina máis de 400 mil millóns de dólares dos fondos federais para proxectos relacionados co cambio do modelo enerxético. O obxectivo principal destas medidas é reducir a dependencia do exterior por motivos xeoestratéxicos, sobre todo da China, mesmo a conta de perder eficiencia económica. Previsiblemente a IRA tamén afectaría negativamente a Europa, aínda que isto xurdiu como un *dano colateral* máis que como un obxectivo en si mesmo. En calquera caso, a IRA é o mellor exemplo da nova política industrial que prioriza o reforzo xeoestratéxico e a sostibilidade ambiental, e que faculta o sector público a intervir para lograr estes obxectivos.

A aplicación da IRA baséase en gran parte na concesión de créditos fiscais para os proxectos elixibles, que á súa vez son monetizables (vendibles) desde o momento da súa concesión. Este sistema dálles aos promotores unha flexibilidade e liquidez extraordinarias e está a resultar moi exitoso, ata o punto de que boa parte do actual dinamismo da economía de EE. UU. se lle atribúe á IRA. Por iso non estraña que Europa tratase de implementar a súa propia versión co *Green Deal Industrial Plan*. Con todo, a Comisión topouse coa imposibilidade de replicar o sistema de créditos fiscais, que tan ben está a funcionar en EE. UU., nun bloque formado por 27 sistemas fiscais diferentes e estancos. Alternativamente dispuxéronse unha serie de instrumentos como *InvestEU* ou *Innovation Fund*, aínda que a dotación e o impacto previsto son moi discretos en comparación cos números da IRA.

Ao final, na redefinición da política industrial de Europa tivo máis impacto a invasión rusa de Ucraína de 2022 que as medidas da Comisión. Putin decidiu cortar as subministracións enerxéticas a Europa como parte da súa campaña de agresión, mostrando con toda crueza o perigo de depender de estados totalitarios e non predicibles. Estados Unidos tomou nota coa vista posta na China tamén baixo o total control dun só ditador, máis cun potencial disrutivo para a súa economía moito maior. En Europa, a escalada de prezos que seguiu, particularmente dos enerxéticos, e a perda de competitividade da industria marcaron desde entón a axenda industrial do continente. No caso de España, o impacto negativo deste *shock* foi menor porque temos menos dependencia das subministracións enerxéticas rusas e o noso sector industrial ten un baixo peso relativo.

A nivel nacional, a política industrial estivo determinada fundamentalmente pola aplicación do Plan de Recuperación e Resiliencia que ten nos PERTE o seu principal instrumento. Están dotados cuns 140.000 millóns de euros, dos que 70.000 millóns son axudas non reembolsables e, o resto, préstamos. Os obxectivos de política industrial declarados polo Goberno de España para estes fondos estarían centrados en modernizar o tecido existente mediante a dixitalización e a mellora do uso de recursos, sobre o principio da economía circular. Con todo, a implementación do programa estivo cuestionada desde

o seu inicio, comezando pola decisión de centralizar tanto o seu deseño como a xestión. O mecanismo dos PERTE, creado en función das demandas dos distintos axentes sociais, revelou unha filosofía máis próxima ás vellas receitas de política industrial (axudar a sectores maduros a manter a súa actividade, en particular o automóbil) que ao fomento de proxectos ambiciosos en sectores estratéxicos e de crecemento. A lentitude e complexidade dos PERTE, a precariedade política do Goberno de Pedro Sánchez e os continuos cambios no Ministerio de Industria tampouco axudaron a que o executivo central tivese unha estratexia de política industrial coherente coas macrotendencias sinaladas.

3. Retos e oportunidades no ámbito industrial de Galicia

En Galicia, as forzas sinaladas que están a redefinir o panorama internacional configuran un novo escenario para o sector industrial, cheo de matices propios dadas as características do país.

Comezando pola transición enerxética, as condicións naturais son particularmente adecuadas para a xeración e almacenamento de enerxía renovable, en concreto a eólica e a hidráulica, incluíndo os bombeos. A propia industria relacionada coa produción renovable xa se está beneficiando desta vantaxe competitiva, pero o impacto desta enerxía limpa noutros sectores industriais e económicos non está a ser tan directo, debido fundamentalmente á fixación centralizada dos prezos eléctricos para os consumidores que dependen da rede. Dispoñer de enerxía limpa e a prezo competitivo e estable ten que traducirse nunha vantaxe tanto para as empresas e sectores xa situados en Galicia, como para desenvolver novas industrias que dependan desta subministración. Sería o caso, por exemplo, das vencelladas co tratamento de datos, cuxa demanda está a crecer de maneira exponencial á vez que os consumos enerxéticos relacionados; pero non é o único sector emerxente que demanda enerxía limpa en absoluto.

A segunda tendencia sinalada, a desglobalización por motivos xeoestratéxicos, implica volver situar as cadeas de aprovisionamento que na actualidade dependen de países potencialmente hostís, en particular da China. É unha tendencia que pode crear novas oportunidades para a industria galega, en áreas con certa tradición como a minería ou a produción de bens de equipo. Neste sentido estanse a promover a nivel europeo iniciativas relacionadas coa obtención de materiais e produtos estratéxicos para os que Galicia ten condicións favorables, como poden ser o cobre, o coltán, o galio ou as góndolas dos aeroxeradores. A industria do metal está particularmente ben situada, pero non é a única. Este tipo de proxectos veríanse facilitados por unha boa dotación de infraestruturas, como os portos de Ferrol e da Coruña, que permiten concibir grandes desenvolvementos industriais integrados nas cadeas de subministración occidentais.

No caso da terceira gran tendencia sinalada, o incremento do custo do diñeiro, achega máis ameazas que oportunidades para a industria galega. Ter condicións crediticias restritivas dificultará, necesariamente, facer os investimentos precisos para aproveitar as oportunidades que existen. Isto vese agravado polo tamaño da empresa galega media, que é relativamente pequeno, e pola pouca tradición de colaboración que hai entre o empresariado. Cómpre sinalar tamén outro problema: a escaseza de capital investidor orientado a proxectos industriais en Galicia facilita as operacións tipo *private equity*, máis dirixidas a extraer o patrimonio neto existente na industria (endebedar a empresa para canalizar dividendos aos investidores) que a crear valor mediante o seu crecemento. A política industrial galega debe ter en conta o acceso a financiamento axeitado, non só por prazo e custo, senón tamén polo tipo de investidor que convén atraer.

Unha nova política industrial de Galicia tamén ten que ter en conta unha circunstancia que está a afectar aos novos proxectos industriais: a crecente resistencia dunha parte da cidadanía polos seus posibles efectos negativos. Trátase dun movemento heteroxéneo, cunha compoñente importante *NIMBY* (*non no meu xardín* polas súas siglas en inglés), que reflicte a falta de identificación ou de comprensión de certos grupos sociais co desenvolvemento industrial e cos beneficios que xera. Frecuentemente, as motivacións que subxacen nesta contestación están máis relacionadas coas guerras culturais que con riscos ambientais reais. De xeito preocupante esta ideoloxía antiindustria está permeando en estratos importantes da sociedade galega, incluíndo partidos políticos, movementos veciñais e incluso organizacións sindicais. Sería preciso, pois, que a política industrial de Galicia tivese en conta tamén o terreo cultural: a ideoloxía antiindustria está a crear obstáculos reais para o desenvolvemento económico do país ao introducirse en institucións clave como a educación ou a xustiza.

4. Obxectivos e estratexia dunha nova política industrial de Galicia

Os obxectivos da nova política industrial non se limitan a incrementar o peso do sector na economía ou á creación e mantemento de postos de traballo. A estes obxectivos tradicionais, as novas tendencias de política económica engádenlle:

- a creación e retención de centros de decisión e innovación no país;
- a participación das comunidades locais nos beneficios dos proxectos;
- a posta en valor dos recursos naturais do territorio de maneira sostible, especialmente os enerxéticos;
- a aceptación social dos proxectos industriais sobre a base da sostibilidade medioambiental e a implicación das comunidades locais.

Unha nova política industrial de Galicia tería que dar resposta aos desafíos descritos, coa ambición de aproveitar unha xanela de oportunidade que se abriu como consecuencia das tendencias mencionadas. Así, os instrumentos e estratexias que integren dita nova política industrial terían que ser concibidos como un conxunto coherente, robusto e á medida do país, con actuacións que fosen desde o ámbito lexislativo e administrativo ata o empresarial e financeiro. En todo caso, as accións que se levasen a cabo, enmarcadas na nova política industrial, terían que ser complementarias e non ir en detrimento das políticas clásicas dirixidas a sectores ou problemáticas particulares, como poden ser:

- o apoio a empresas e emprendedores,
- o fomento do I+D+i,
- a internacionalización,
- a simplificación e axilización dos trámites administrativos.

4. Instrumentos e medidas da nova política industrial de Galicia

Como xa se apuntou, un dos puntais desta nova política industrial pode ser o aproveitamento sostible dos recursos naturais de Galicia. A priorización dos proxectos neste ámbito ten sentido pola súa capacidade para xerar e reforzar cadeas de valor e pola súa resiliencia, xa que son dificilmente deslocalizables. Dispoñer do recurso permite contar cunha base sólida para ancorar os proxectos ao territorio, algo esencial para desenvolver:

- vantaxes competitivas,
- centros de decisión e innovación propios,
- vinculación coa comunidade local.

En calquera caso, os proxectos que empreguen os recursos naturais de Galicia deberían ser moi garantistas cos seus efectos ambientais e integrar mecanismos para blindar a circularidade dos seus procesos e beneficiar as comunidades locais onde se implanten.

A Lei de Recursos Naturais é o instrumento de nova política industrial de referencia en Galicia. A norma contempla unha batería de medidas tanto administrativas como económicas incluíndo, de xeito innovador, a integración da avaliación do impacto socioeconómico dos proxectos dentro da avaliación ambiental. Isto implicará que a propia declaración de impacto ambiental considerará conxuntamente ambos os aspectos, e o resultado, positivo ou negativo, virá determinado por valorar ata que punto os beneficios socioeconómicos do proxecto compensan os posibles efectos ambientais negativos. O lexislador agarda desta maneira que os promotores incrementen os beneficios socioeconómicos para facilitar declaracións de impacto ambiental (DIA) positivas, á vez que se mellore a seguridade xurídica fronte a alegacións e interpretacións baseadas exclusivamente nos inevitables impactos ambientais negativos.

Outro aspecto innovador da lei é a inclusión dun paquete de instrumentos financeiros deseñado para facilitar a execución dos proxectos do seu ámbito, incluíndo incentivos fiscais específicos, de xeito similar á práctica lexislativa seguida na IRA americana.

No eido enerxético, a lei introduce un tratamento específico para a implantación de autoconsumos nos parques empresariais, facilitando o terreo aos PPA de liña directa. Búscase así que proxectos de xeración renovable, como un parque eólico ou unha estación de bombeo, reserven toda (ou parte) da súa enerxía para a industria próxima mediante unha acometida específica (independente da rede pública de distribución). En principio, isto permitiría desensaixar o custo da enerxía da industria galega dos prezos internacionais e crearía unha vantaxe competitiva non só para as empresas de produción eléctrica senón para o conxunto da industria asentada en Galicia.

A Lei de Recursos Naturais amosa tamén a intención do lexislador de practicar activismo industrial, isto é, participar directamente na execución de certos proxectos industriais. Un primeiro froito desta estratexia é a sociedade Recursos de Galicia (RDG). RDG constituíuse a finais de 2023 empregando a fórmula de empresa público-privada para operar no mercado como unha empresa máis. Non obstante, RDG incluírá sempre nos seus proxectos mecanismos para integrar as comunidades locais na explotación e beneficio, seguindo os principios dispostos na Lei de Recursos Naturais. Para iso prevé abrir a institucións e cidadáns o capital dos vehículos de investimento dos proxectos que execute, así como ofrecer prezos reducidos da electricidade para os habitantes das poboacións próximas aos centros de produción, entre outras medidas.

RDG amosa o formato que podería adoptar o activismo industrial do Goberno autonómico. A medida podería axudar a atallar unha das debilidades da industria galega; a escasa tradición que ten o noso empresariado para crear alianzas e colaboracións que lles permitan asumir conxuntamente proxectos que dificilmente poderían acometer por separado. Para facelo posible, a Xunta promovería empresas público-privadas para executar proxectos estratéxicos en colaboración cos actores clave con centro de decisión en Galicia, que serán convidados a participar mediante declaracións públicas de interese. En todo caso, para evitar erros do pasado, este modelo de intervención tería que estar limitado a proxectos estratéxicos comercialmente viables en condicións de mercado, seguindo estándares de goberno corporativo e planificación económico-financeira que permitan acceder ás fontes de financiamento públicas e privadas internacionais.

Finalmente, a nova política industrial galega debe contemplar actuacións destinadas a mellorar o coñecemento e a percepción social dos proxectos industriais e do sistema de garantías medioambientais que os protexe. Neste sentido, ademais de actuacións nos ámbitos comunicativos e educativos, sería preciso incidir na participación cidadá nos proxectos, a todos os niveis.

5. Conclusións

Unha nova política industrial de Galicia para a próxima década debería basearse:

- na busca proactiva de oportunidades xurdidas pola relocalización da industria e a descarbonización dos procesos produtivos;
- no uso eficiente dos nosos recursos, en particular a enerxía limpa;
- na implementación de grandes proxectos en sectores emerxentes liderados por actores galegos que utilicen as nosas vantaxes competitivas;
- no reforzo do tecido produtivo existente, mellorando a súa eficiencia e completando cadeas de valor;
- na procura de manter e crear centros de decisión e innovación relacionados coa industria en Galicia;
- na implicación do conxunto da sociedade nos proxectos, sobre a base da sostibilidade e da participación no seu desenvolvemento e nos beneficios xerados.

Para iso, a Xunta de Galicia está a dispor unha serie de iniciativas entre as que destacan:

- a axilización da tramitación de certos proxectos a través da declaración de Proxecto Industrial Estratéxico (PIE);
- o fomento dos proxectos que prioricen os impactos positivos a nivel local coas medidas incluídas na Lei de Beneficio Social dos Proxectos que Empregan os Recursos Naturais de Galicia;
- a creación de sociedades público-privadas para garantir a execución de certos proxectos industriais estratéxicos;

- a disposición dun fondo de investimento público-privado para financiar proxectos en Galicia con criterios homologables aos investidores institucionais internacionais;
- a comunicación efectiva dos proxectos e a implicación dos axentes sociais no seu deseño e desenvolvemento.

II. Transición industrial e reindustrialización de Galicia

II.1. Principais retos para o mantemento e desenvolvemento do sector industrial

O futuro do sector industrial en Galicia está directamente determinado pola capacidade para afrontar os retos, en especial os relacionados coas transicións ecolóxica e dixital, pero, tamén, os vinculados coa necesidade de infraestruturas, os recursos humanos e tecnolóxicos, ou a creación e internacionalización das empresas. A continuación, expóñense eses principais retos e apúntanse medidas ou propostas que senten as bases para superalos.

1. Transición dixital

En canto á transición dixital, no contexto actual (no que o ritmo dos avances tecnolóxicos é vertixinoso), a dixitalización é unha das claves da modernización e transformación do noso sistema produtivo. Esta esixe ao conxunto da sociedade axuntar esforzos para adaptarnos ás novas circunstancias e require de actuacións en diferentes campos para lograr aproveitar as oportunidades derivadas da transformación dixital.

A irrupción no sector industrial de Internet, a robotización ou a intelixencia artificial, levaron a incrementar os beneficios asociados ao uso dos servizos na nube, a hiperconectividade ou o *big data*, e deron lugar á chamada cuarta revolución industrial.

A industria 4.0 caracterízase pola crecente automatización e o uso de máquinas e fábricas intelixentes, o que se traduce nunha oportunidade para lograr unha actividade produtiva máis sostible, equilibrada, rendible e competitiva, pero que tamén presenta diversos retos que é necesario afrontar.

É innegable o efecto directo da dixitalización no mercado de traballo e na formación. Mentres que a automatización e o uso de ferramentas dixitais tenden a eliminar postos de traballo que xa non son necesarios, o certo é que tamén se abren novas opcións de emprego que requiren de perfís profesionais capaces de adaptarse aos avances tecnolóxicos. De feito, un dos principais retos derivados da dixitalización aos que se enfrontan as empresas é, precisamente, a dificultade para o recrutamento de persoal cualificado debido a múltiples factores; entre os que destacan a falta de profesionais expertos, a competitividade pola retención do talento e as dificultades para identificar os mellores perfís.

Por iso é preciso atender os cambios nos contidos concretos das ocupacións e as vías de axuste entre as competencias e cualificacións adquiridas e requiridas. Hai que establecer políticas que permitan anticiparse e preparar a poboación para as novidades nos contidos dos traballos e para a automatización de certos postos, que sexan capaces de reter e atraer talento dixital e que promovan un maior desenvolvemento das capacidades científicas e técnicas; e todo iso sobre a base dun modelo de innovación aberta e plataformas de colaboración público-privada.

Para encaixar as demandas de recursos humanos que cada vez en maior medida teñen as empresas coa eliminación de postos de traballo derivados da implantación dos avances dixitais cómpre incidir no desenvolvemento de políticas activas de emprego no posto de traballo ao longo de toda a vida laboral, en particular as vinculadas á formación continua.

Ademais, deben ser obxecto de especial atención aqueles sectores, como o industrial, para os que a dixitalización e a mellora nas denominadas tecnoloxías facilitadoras esenciais supoñen instrumentos imprescindibles para o incremento da súa produtividade; velando pola formación continua que permita manter e crear postos de traballo e establecendo proxectos que poidan recolocar as persoas traballadoras nos novos modelos de negocio.

Pero, para ter os recursos humanos do mañá, é preciso actuar sobre a formación regrada en todos os seus niveis:

- actualizando o catálogo de titulacións, de maneira que se adecúe ás necesidades da sociedade dixital, para o cal é imprescindible a colaboración cos axentes sociais implicados;
- potenciando as vocacións STEM entre as persoas mozas, actuando desde a educación primaria coa introdución de materias adecuadas ao novo escenario dixital e fomentando a cultura emprendedora;
- favorecendo a participación feminina nas titulacións científicas e tecnolóxicas e contribuíndo á eliminación dos estereotipos aínda persistentes na elección de estudos profesionais;
- promovendo políticas educativas para desenvolver o talento dixital; a transformación dixital veu para quedar, pero integrála na cultura empresarial supón un esforzo considerable, sobre todo, no caso das pemes e micropemes do sector.

Por iso é imprescindible:

- fomentar a colaboración público-privada para impulsar o proceso de transformación dixital da economía e da sociedade galega en xeral;
- colaborar co tecido produtivo para optimizar os esforzos de axuda pública dirixidos ás empresas no ámbito da dixitalización, e que estas poidan adaptarse con éxito ás novas formas de operar no mercado;
- establecer apoios orientados a superar a barreira que supón a complexidade técnica da normativa no ámbito da dixitalización, así como a afrontar os investimentos requiridos e atender as necesidades de formación do persoal en favor da dixitalización;
- apoiar os investimentos en ciberseguridade para tratar de frear o incremento exponencial de incidencias que as empresas veñen sufrindo nos últimos tempos.

En definitiva, é crucial que o esforzo que as empresas galegas estamos a facer en favor da dixitalización se realicen en colaboración coas Administracións Públicas e se materialicen en medidas de apoio para incentivar a cultura dixital nas empresas do sector, na adaptación da formación ás novas necesidades do mercado laboral e que sexan as propias Administracións a punta de lanza na transformación dixital. É unha oportunidade que, no que respecta ás empresas, debemos aproveitar para estar máis preto dos nosos clientes, para atopar novas oportunidades de negocio e, en definitiva, ser máis competitivas e xerar emprego de calidade que redunde no benestar da sociedade.

2. Transición ecolóxica

En canto á transición ecolóxica, os obxectivos climáticos marcados no seo da Comisión Europea obrigáronnos a poñer en marcha todos os mecanismos ao noso alcance para chegar ás cero emisións netas en 2050. Temos por diante menos de tres décadas para culminar un proceso transformador no que xa estamos inmersos e que está a provocar cambios, non só industriais, senón tamén económicos e xeopolíticos.

Afrontamos o futuro coas necesidades enerxéticas en alza e coa obrigación de salvagardar o medio ambiente e evitar os efectos do quecemento global, impulsando para iso a descarbonización da actividade económica.

Estas perspectivas e a riqueza de recursos naturais de Galicia lévannos, indiscutiblemente, á senda das enerxías renovables e á xestión eficaz dos recursos dispoñibles, para levar a cabo un proceso de reindustrialización que nos permita superar os retos que se nos presentaron e mellorar a saúde e o benestar das persoas; alcanzar a independencia enerxética; diminuír a volatilidade dos prezos da enerxía; lograr a neutralidade de emisións e incrementar o peso dun sector industrial que sexa motor de crecemento verde.

A transición ecolóxica e o cambio do modelo produtivo non serán posibles sen acometer aspectos como os seguintes.

- Sentar as bases da colaboración entre as diferentes Administracións con competencias en materia enerxética e a axilización nas tramitacións de proxectos, para así protexer e atraer investimentos, evitar a obsolescencia das tecnoloxías e favorecer a mellora competitiva con respecto a outros países.
- Actualizar os procedementos de tramitación dos proxectos empresariais vinculados á transición enerxética, pois o marco xurídico no que se levan a cabo é imprescindible para garantir a seguridade dos investimentos necesarios.
- Axilizar trámites, axustar os prazos dos procedementos e regular de forma clara e estable para evitar paralizacións e demoras que lastren o desenvolvemento industrial e económico de Galicia.
- Velar polas condicións necesarias para garantir a viabilidade dos proxectos estratéxicos que se desenvolven no marco dos obxectivos de descarbonización e reindustrialización.
- Acelerar o desenvolvemento das enerxías renovables, xa que del dependerá a viabilidade dos proxectos industriais necesarios para alcanzar un modelo produtivo sólido, competitivo e sostible.

-Dar o impulso definitivo ao desenvolvemento da eólica mariña, articulando os mecanismos de apoio que lle permitan aproveitar o seu potencial e establecer un marco regulador actualizado, estable e que garanta a compatibilidade das diferentes actividades económicas e o cumprimento dos obxectivos de descarbonización. O proxecto Plataforma experimental de eólica mariña de Galicia, unha plataforma de ensaio que se instalará nas proximidades do porto exterior de Coruña, constitúe o primeiro paso no desenvolvemento dunha enerxía na que Galicia pode ter un papel preponderante.

-Facer efectiva a conexión de Galicia á rede do hidróxeno, para aproveitar o noso potencial na produción a nivel local a partir de recursos dispoñibles no territorio, evitando o illamento e a penalización na competitividade do tecido produtivo en xeral e do sector industrial en particular.

-Fomentar os proxectos de almacenamento. O desenvolvemento das renovables e os investimentos en redes deben ir acompañados dun aumento do almacenamento que permita gardar as renovables cando hai exceso e utilízasas cando hai escaseza, contribuíndo así á garantía de subministración.

-Favorecer unha dotación de infraestruturas adecuada que faga realidade a mobilidade sostible e apoiar os investimentos nas tecnoloxías precisas para a descarbonización do transporte; e atender as súas dificultades e necesidades á hora de marcar prazos factíbles que sexan compatibles co exercicio da súa actividade.

-Establecer mecanismos de apoio para avanzar na descarbonización da actividade produtiva. É preciso analizar e atender as necesidades de investimento tanto en tecnoloxía como en capacitación de persoal e detectar as dificultades das empresas en materia de descarbonización.

-Apoiar as iniciativas empresariais orientadas á descarbonización doutras actividades ou sectores, aproveitando unha oportunidade de crecemento e creando así unha cadea de valor sólida que contribúa a reducir a dependencia de terceiros países.

-É preciso unificar as políticas europeas e homoxeneizar a fiscalidade enerxética para alcanzar un sistema enerxético máis eficiente e competitivo. Nesta liña, as medidas fiscais deben xogar un papel clave na atracción de investimentos e non penalizar o desenvolvemento de tecnoloxías en moitos casos incipientes, que necesitan ser impulsadas.

-Fomentar a economía circular mediante a utilización eficiente de recursos, a incorporación de materias primas alternativas nos procesos e a definición de novos usos de materias primas secundarias e de mercados eficientes de produtos circulares.

-Incentivar a integración da sostibilidade de forma transversal nas estratexias empresariais, coidando que a gran cantidade de normativa neste ámbito, a miúdo difusa, non impida o seu cumprimento e establecendo mecanismos de apoio.

En canto á produción enerxética, na eólica Galicia ten unha gran potencialidade. A Asociación Eólica de Galicia estimaba en 5.000 millóns de euros o investimento que se materializaría no período 2020 a 2030 pola construción dos novos parques eólicos

previstos.

O obxectivo para o decenio 2020-2030 apuntaba á construción de 4.500 MW novos, o que duplicaría a potencia actualmente instalada. Iso supoñería a xeración de máis de 5.800 empregos anuais directos, co obxectivo de consolidar a industria eólica galega.

En Galicia déronse pasos moi importantes para este impulso coa declaración de interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación e tamén a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación ambiental, co fin de adaptala á nova realidade.

Pero o impulso inicial do sector viuse obstaculizado pola paralización de parques eólicos, que suman xa a cifra de corenta, todos coa preceptiva declaración ambiental favorable e o permiso de construción.

Efectivamente, as últimas resolucións en relación cos parques eólicos proxectados referíronse a dúas cuestións que, aínda que cun efecto práctico parecido (a suspensión dos procedementos) son moi diferentes desde un punto de vista xurídico: por unha banda, a formulación dunha cuestión prexudicial diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea; e, por outra, a adopción de medidas cautelares de suspensión da eficacia das autorizacións administrativas recibidas por certos parques eólicos.

A sección terceira da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) expuxo unha tripla cuestión prexudicial ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea para que este se pronunciase sobre se a Xunta debeu poñer ao dispor do público interesado os informes sectoriais sobre parques eólicos para que puidese, no seu caso, formular alegacións e participar no proceso de toma de decisión sobre as autorizacións dos proxectos antes de que fosen aprobados.

Considerando que os prazos de tramitación das cuestións prexudiciais polo Alto Tribunal da Unión Europea se alongan, de acordo con algunha estimación, arredor de dous anos máis, a resolución deste asunto, coas innegables consecuencias que iso ten sobre o emprego directo e indirecto na nosa comunidade autónoma, está afectando a industrias xa instaladas, como Alcoa, que precisan dunha elevada cantidade de recursos enerxéticos.

Á espera da resolución, esta situación obstaculiza máis de 10.000 millóns en investimento e o cumprimento do obxectivo da transición ecolóxica de Galicia a través dunha enerxía renovable, limpa e verde como é a eólica (obxectivo da Axenda Enerxética de Galicia de alcanzar 7.700 MW para 2030). Hai 121 proxectos (representan 2.375,5 MW) en distintas fases de tramitación, pendentes de autorizacións do MITECO e da Xunta que poderían verse afectados.

Os parques eólicos xeran actividade e emprego en municipios pequenos e contribúen a fixar poboación, ademais do impacto económico sobre promotores e cadea de subministración, unha achega fundamental ao PIB industrial autonómico. Só desexamos que esta situación se desbloquee canto antes.

En canto ao hidróxeno verde, e como se indica no capítulo deste Informe dedicado á industria, no sector, aproveitando os fondos comunitarios e os beneficios do PERTE ERHA, existen previsións de instalación de varias plantas de xeración de hidróxeno verde no noso territorio (Meirama, As Pontes, Caldas de Reis, Begonte ou Arteixo), pero unha cuestión relevante que obstaculizou o desenvolvemento industrial neste ámbito foi a exclusión de Galicia da rede troncal de hidrocarburos de Europa que financia a Unión Europea, ao non

aprobarse o apoio ao tramo Guitiriz-Zamora. Isto supón un obstáculo importante para a execución de proxectos no ámbito do hidróxeno verde, que só contarían coa loxística portuaria. Galicia é unha das comunidades autónomas que máis produción de enerxía renovable achega. Non é moi coherente que, se contamos cunha carteira de proxectos que situarán Galicia a nivel internacional e que previsiblemente contarán con financiamento comunitario, non se aposte polas infraestruturas que permitan a súa expansión e competitividade.

É fundamental avanzar na garantía da seguridade xurídica, especialmente en ámbitos novos que non teñen unha articulación completa da súa regulación, como é o caso do hidróxeno verde ou a eólica mariña.

En Galicia puxéronse os medios para avanzar neste sector mediante a configuración da denominada Alianza industrial galega do hidróxeno verde, que significa actualmente o acordo de dez asociacións/agrupacións industriais representantes dos intereses de máis de 700 empresas, empresas tractoras, centros de coñecemento (as tres universidades galegas e os centros tecnolóxicos), os axentes sociais, as autoridades portuarias da Coruña, Ferrol e Vigo, e a Xunta de Galicia. Para avanzar no desenvolvemento deste sector configuráronse catro comités que tratan de estimular novos proxectos, dotar de seguridade xurídica e coñecer as capacidades actuais, así como incidir na formación e na innovación (Comité de proxectos tractores e infraestruturas, Comité de formación e innovación, Comité de instrumentos e normativa e Comité de capacidades industriais).

3. Infraestruturas

En canto ao transporte de mercadorías e á loxística, o Libro Branco da Comisión Europea “Folla de ruta cara a un espazo único europeo de transporte, por unha política de transporte competitiva e sostible” establece un amplo plan para alcanzar unha mobilidade limpa e competitiva no horizonte do ano 2050. No transporte de mercadorías sinalaba como obxectivo transferir a outros modos de transporte, como o ferrocarril, o 30% do transporte por estrada en distancias superiores aos 300 km, ascendendo a máis do 50% contra 2050.

Cabe sinalar que no ano 2013 se aprobaba o Corredor Atlántico de Mercadorías que deixaba fóra do seu trazado Galicia e o Noroeste peninsular; o que supoñía unha menor prioridade nos compromisos do Estado e no acceso a fondos da Unión Europea.

Grazas ao proceso de revisión previsto polo propio Regulamento para 2018, Galicia, Asturias e Castela e León promoveron unha alianza entre os seus Gobernos respectivos e o sector empresarial para conseguir a inclusión do noroeste peninsular no Corredor Atlántico de Mercadorías. A Comisión Europea aceptou a proposta de ampliación en xuño de 2018 e o Parlamento Europeo tamén a aceptou, conseguíndose, por tanto, a incorporación do Noroeste peninsular ao trazado do Corredor Atlántico a través da liña Venta de Baños-Palencia-León-Astorga-Monforte de Lemos-Vigo-A Coruña, comprendendo a modernización da liña ferroviaria Monforte de Lemos-Palencia.

Esta inclusión do Noroeste peninsular no Corredor Atlántico é transcendental para poder aproveitar a oportunidade de financiamento dos fondos do mecanismo Conectar Europa para modernizar a rede ferroviaria e dotala das características de calidade establecidas para os corredores no horizonte 2030. Á súa vez, o tramo Ferrol–A Coruña–Lugo–Monforte mantense na denominada Rede global (con prazo ata 2050), destacando a necesidade da súa electrificación para o transporte de mercadorías pola citada liña.

Con todo, na data de elaboración desta análise aínda non se ofreceu información sobre o Plan Director do Corredor Atlántico (estando prevista a súa presentación polo Ministerio de Transportes e Mobilidade o día 16 de maio).

Para Galicia e o seu sector industrial constitúe un factor clave modernizar a rede ferroviaria e dotala de características de calidade para o transporte de mercadorías, conectándoa coas infraestruturas portuarias, pois gran parte da superficie das instalacións loxísticas son marítimas. Iso é relevante para impulsar a mobilidade sostible e lograr un transporte eficiente, reto no que están comprometidas as empresas do sector industrial.

En canto ao solo industrial, no Informe de seguimento do sector manufactureiro galego elaborado polo CES Galicia en 2019 facíase referencia ás diferenzas do prezo no solo industrial con respecto ao Norte de Portugal, chegándose a estimar que nun investimento dunha planta media que emprega 250 traballadores nunha parcela total de 13.000 metros cadrados podería existir un diferencial duns 2 millóns de euros só no terreo; e isto sen engadir as exencións no IBI, deducións no imposto de sociedades, bonificacións na contratación laboral e outros incentivos existentes en Portugal.

Cómpre sinalar as iniciativas do Goberno galego para tratar de reducir as devanditas diferenzas; a última, a tramitación da Lei de Áreas Empresariais de Galicia que viu a luz no DOG do 21 de outubro de 2022. Considerando a experiencia de aplicación do título I da Lei 5/2017, do 19 de outubro, así como o novo réxime xurídico dos instrumentos de ordenación do territorio establecido pola Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, entendíase preciso dotar dunha regulación máis completa ás áreas empresariais, que combinase o respecto ao principio do desenvolvemento territorial sostible co fomento da actividade económica na comunidade autónoma.

Esta lei trata de superar a rixidez habitual dos procesos de planificación, establecendo mecanismos que permitan adaptar a ordenación ás necesidades de implantación das distintas actividades empresariais en función do momento. E esta flexibilización, dirixida a adaptar a oferta de solo ás demandas das empresas, unida á axilización dos trámites de aprobación dos instrumentos precisos para a súa implantación, constitúen requisitos esenciais a fin de evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulador adecuado para aproveitar as novas oportunidades de desenvolvemento empresarial.

4. Recursos humanos e talento

Na área de persoas e recursos humanos hai que sinalar que o sector industrial acolle o 13,9% das afiliacións. Na enquisa de conxuntura industrial (ECI), que non analiza a fabricación de bens de equipo nin tampouco o sector da enerxía, a carencia de man de obra só figura como relevante na fabricación de bens de consumo no primeiro trimestre de 2023. Sen prexuízo diso, hai que destacar a necesidade de man de obra en agrupacións industriais como a fabricación de produtos metálicos. Para cubrir as demandas dos distintos sectores produtivos a Xunta de Galicia puxo en marcha a denominada “Axenda Galega das Capacidades” para detectar as necesidades dos diferentes sectores e establecer accións de formación, de tal modo que estas puidesen relacionarse coas distintas convocatorias de axudas de formación.

Adeguar os sistemas formativos e plans de estudo para aumentar a empregabilidade, promovendo a formación dual, tanto universitaria como de formación profesional, fomentando o espírito emprendedor industrial, e facilitando a incorporación de mozas en

prácticas é tamén un elemento de suma importancia.

Hai que apuntar que coa nova formación profesional toda a formación profesional o é en alternancia. Isto quere dicir que o alumnado terá que seguir no centro de traballo unha parte do programa educativo e iso supón un reto considerando, ademais, os datos de dimensión das empresas do sector.

Por outra banda, cabe sinalar que o sector industrial non queda á marxe do importante número de normas no campo das relacións laborais que viron a luz a nivel estatal. Publicáronse máis de 26 normas que non tiveron consenso no marco do diálogo social do Estado. É preciso por iso reclamar a recuperación do diálogo social para un acordo progresivo e cos consensos da súa aplicación no ámbito das nosas empresas. Precisamente, parte destas normas incidiron no incremento dos custos laborais das empresas, o que repercute na necesidade de medidas de mellora de procesos e de incremento da produtividade que temperen o aumento dos custos.

Por outra banda, un aspecto que preocupa en xeral ás empresas son os indicadores de absentismo e, en especial, do derivado das continxencias comúns.

A incapacidade temporal supón o 74% das ausencias nas empresas, e dentro desta aproximadamente o 90% débese á continxencia común (ITCC). O problema maior está na ITCC; no caso de Galicia, na duración media e na prevalencia, xa que somos a segunda comunidade autónoma en maior duración media (78 días, fronte a 40 da media nacional) e cada proceso dura por encima de 30 días máis que a media nacional.

O que se propón (e xa figura no V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva asinado por CEOE–CEPYME, UXT e CC. OO.) é que as mutuas, como entidades colaboradoras da Seguridade Social, poidan intervir anticipando probas (contando co consentimento do paciente) nas patoloxías traumatolóxicas. En Galicia, nas mesmas patoloxías, apréciase unha gran diferenza xa sexa continxencia profesional ou común: 51 días (continxencia profesional) fronte a 107 tratada como común (hai 56 días de diferenza). En Galicia houbo no exercicio pasado 55.000 procesos traumatolóxicos. Por tanto, é importante que se formalice un convenio entre a Consellería de Sanidade e as mutuas para que estas poidan anticipar ditas probas e permitir desta forma que a persoa se cure antes. Iso redundará nunha mellora non só para a persoa convalecente senón tamén para o conxunto do sistema.

5. Outros retos: creación de empresas, crecemento e internacionalización

Dentro do sector manufactureiro existe o reto de incrementar o número de empresas de forma relevante, especialmente en sectores avanzados de alto valor engadido e nos que o I+D+i xoga un papel máis que importante: industria química, industria farmacéutica, equipamentos informáticos e electrónicos, equipamento eléctrico, aeronáutica ou fabricación de maquinaria e de bens de equipo.

Este reto é, se cabe, máis perentorio tendo en consideración que, segundo os últimos datos do DIRCE (comparativa anos 2023/2022), se aprecia unha caída no número de empresas industriais localizadas en Galicia; coas únicas excepcións en fabricación de automóviles, fabricación de produtos farmacéuticos e metalurxia.

No noso tecido industrial conviven empresas grandes e emblemáticas (Inditex, Hijos de

Rivera, Stellantis, Coren etc.) con outras de reducido tamaño; só o 16,1% contan con máis de 9 persoas traballadoras. Esta dimensión limita o acceso aos mercados exteriores, polo que é preciso mellorar o acceso das industrias ao financiamento e á internacionalización, revisando e diversificando os programas existentes en función das súas necesidades. Os instrumentos de apoio ao investimento deben articularse de forma eficaz, con liñas dedicadas de forma específica ás pemes e micropemes industriais.

É preciso fortalecer as medidas de apoio aos procesos de crecemento, concentración e apoio á exportación e á internacionalización, de forma que sexan máis áxiles para adaptarse mellor ás necesidades e ao perfil das empresas e teñan maior alcance de aplicación.

Para iso, unha ferramenta importante é a Estratexia para a internacionalización das empresas galegas 2021-2025, presentada polo IGAPE, que inclúe entre outros obxectivos contar, no horizonte 2025, con mil empresas exportando dixitalmente en Galicia. Na devandita estratexia tamén cabe destacar o programa de aceleración (en colaboración coa GAIN) dirixido a pemes da comunidade que contan con produtos ou servizos capaces de ser competitivos no mercado internacional e sexan innovadores, como resultado dun programa de financiamento de actividades de I+D.

Por outra banda, para gañar peso no sector e pechar as fases dos ciclos produtivos das distintas cadeas de valor estratéxicas cómpre tamén fortalecer as medidas tendentes ao emprendemento no sector industrial, así como á captación de investimento estranxeiro.

Deste xeito, sendo Galicia unha potencia determinante do sector forestal español debe ser quen de transformar ese potencial no ámbito industrial das manufacturas. Neste sentido destaca o proxecto de Altri en Palas de Rei (Lugo), industria declarada previamente como Proxecto industrial estratéxico (PIE).

No ámbito do emprendemento, Galicia dispón dunha boa lista de aceleradoras e fondos (Business Factory Auto, Business Factory Aero, Business Factory Food e Business Factory Medicines), ademais de programas de emprendemento (do IGAPE, rede de polos de emprendemento etc.).

En canto á mobilidade, na que Europa apostou polo vehículo eléctrico, é preciso fortalecer o apoio á industria manufacturera para cubrir as necesidades existentes respecto a desenvolvemento de baterías e outros produtos nos que somos dependentes de terceiros países.

Non obstante, no que se refire á captación de investimento estranxeiro a débil capacidade de atracción, a diferenza doutros ámbitos territoriais, limita o noso dinamismo industrial, e iso a pesar de que o investimento bruto estranxeiro en Galicia aumentou en 2023 máis do dobre do realizado no ano precedente.

6. Recursos tecnolóxicos e I+D+i

Se falamos de recursos tecnolóxicos cómpre incidir en medidas que promovan que as diferentes agrupacións industriais non queden á marxe da revolución tecnolóxica actual e, especialmente, nas denominadas tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFE): materiais avanzados, biotecnoloxía, microelectrónica, fotónica, nanotecnoloxía e sistemas de fabricación avanzada. No Informe de seguimento do sector manufactureiro galego (2019)

poñíase o acento no baixo nivel de penetración das devanditas tecnoloxías en sectores como loxística, electricidade, madeira e moble ou pedras ornamentais.

É fundamental, tamén, aproveitar e adaptar nos casos nos que sexa preciso (como en ámbitos de novo desenvolvemento como o hidróxeno verde) a ferramenta da RIS3 Galicia 2021-2027, que, ademais de ser un requisito para acceder aos fondos estruturais europeos, incorpora os grandes obxectivos 21-27 da Unión Europea; en concreto, unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola transformación dixital.

Para finalizar, habería que destacar que é preciso apoiarse no diálogo social autonómico como medio para reforzar as medidas e consensos necesarios para alcanzar o obxectivo de aumentar o peso do noso sector industrial e superar con nota os retos sinalados.

Poderíamos dicir que sen industria non hai futuro, pero tamén que non hai industria se non melloramos nos factores de competitividade das cadeas de valor estratéxicas e non incrementamos á súa vez a nosa participación en subsectores de desenvolvemento vinculados ás transicións ecolóxica e dixital.

II.2. Presente e futuro do metal galego


1. Estado actual

O sector metal en Galicia amosa unha saúde robusta, cunha elevada carga de traballo que levou a un aumento significativo en facturación e emprego no ano 2023. Este crecemento viuse apoiado por unha sólida exportación, con superávit na balanza comercial e un importante papel nas exportacións galegas.

Malia todo, a pesar do bo momento actual, o sector enfróntase a varios desafíos para manter o seu crecemento e competitividade. Os principais retos son a necesidade de conseguir persoal, reducir a dependencia enerxética e mellorar en innovación. Así mesmo, a descarbonización da economía constitúe un desafío estrutural para toda a industria, impondo a necesidade de potenciar as enerxías renovables para manter a competitividade e reducir os custos fixos asociados ao consumo enerxético.

As perspectivas para o ano 2025 son optimistas, aínda que destaca a importancia de seguir traballando no fortalecemento da industria local para soste a competitividade nun contexto xeopolítico en constante cambio.


2. O sector metal galego en cifras



O Informe anual do sector metal galego revelou un panorama alentador para a industria, con incrementos significativos tanto en emprego como en facturación durante o ano 2023. Destaca o aumento dun 2,5% en emprego, acadando os 58.500 traballadores, e un crecemento do 16% en facturación. Porén, aínda existen desafíos importantes como a falta de profesionais, a dependencia enerxética e a necesidade de impulsar a innovación e a diversificación.


O sector metal e as súas tecnoloxías asociadas sitúase como un dos piares económicos de Galicia, representando o 19% do PIB da comunidade autónoma e aglutinando 3.500 empresas. A pesar destes logros, evidénciase unha diminución no número de empresas, especialmente pemes. Así, no ano 2023 desapareceron 265 empresas do sector metal, na meirande parte dos casos debido a dificultades para competir nun contorno globalizado cada vez máis esixente, pero tamén á falta de relevo xeracional no que atinxe a empresas unipersoais ou autónomos.

No comercio exterior, o sector metal galego amosa un superávit histórico na súa balanza comercial, cun notable aumento do 12% nas exportacións e unha redución do 30% en importacións; derivada esta fundamentalmente dunha menor importación de compoñentes de automoción polo cambio cara ao vehículo eléctrico, que precisa de menos pezas e compoñentes que os vehículos de combustión. As exportacións galegas representaron en 2023 o 39,3% do sector metal, manténdose así Galicia dentro das cinco comunidades máis exportadoras.



Exportacións por actividades do sector metal galego 2023.

Fonte: ICEX e Asime



Importacións por actividades do sector metal galego 2023.

Fonte: ICEX e Asime

Por actividades específicas obsérvase un crecemento destacable dentro das áreas clave como son a automoción, a industria naval ou as enerxías mariñas.

Neste contexto, a diversificación preséntase como unha estratexia fundamental para a competitividade do sector, sendo a industria de defensa e os drones as áreas emerxentes con maior potencial de crecemento para o sector metal. Desde ASIME, destácase o potencial de crecemento deste sector e a importancia en investimentos áxiles que capitalicen estas oportunidades de negocio.

Se ben as perspectivas para os próximos meses son optimistas, é necesario manter unha industria arraigada no territorio galego para enfrontar así os desafíos do panorama xeopolítico en constante evolución. En resumo, o sector industrial galego amosa un

crecemento prometedor, pero require accións continuadas para asegurar a súa sostibilidade e competitividade a longo prazo.

3. Diagnóstico do sector metal galego e as súas tecnoloxías asociadas

Debilidades

- Debilitamento do tecido produtivo, motivado en gran medida pola dependencia doutros países, especialmente pola deslocalización de industrias clave cara a Asia que se produciu nas últimas décadas.
- Escaseza de profesionais cualificados e incluso sen cualificar, que imposibilita un maior crecemento do emprego no sector e dificulta maiores taxas de crecemento da produción e da facturación.

Ameazas

- Incremento dos prezos das materias primas, en particular da enerxía.
- Cadea de subministración: escaseza de materias primas e alargamentos nos prazos de entregas.
- Taxa de inflación crecente.
- Retardación ou recesión na economía europea e americana.
- Endurecemento das condicións de acceso ao crédito.
- Lexislación laboral pouco flexible para incorporar traballadores estranxeiros.
- Dependencia de Asia no referente a materias primas clave para a industria.

Fortalezas

- Sector tractor da industria galega, tanto en facturación como en emprego.
- Recuperación da industria galega do metal a niveles previos á COVID-19, con crecemento da facturación e do emprego.
- Galicia continúa no *top 5* das comunidades españolas exportadoras e importadoras do sector metal.
- Crecemento das industrias do metal vencelladas ás áreas de automoción e de construcións e estruturas metálicas; mellora paulatina do pulo da industria naval galega.
- Industria aeroespacial recuperándose favorablemente da crise da COVID-19, grazas ao tráfico aéreo de pasaxeiros e a novos vectores como os drons ou a aviación militar.

Oportunidades


- Acceso a fondos europeos.
- Existencia de profesionais estranxeiros ou galegos que queiran retornar para traballar no sector metal galego.
- Auxe do vehículo eléctrico.

- Nichos de mercado en crecemento como a defensa, os drons ou os vehículos non tripulados.
- Enerxías renovables como alternativa á custosa enerxía convencional.
- Recuperación da actividade dos estaleiros na Ría de Vigo e Ferrol, e aposta pola eólica mariña.

4. A situación dos principais subsectores

4.1. Naval e marítima

A industria naval e marítima destaca pola súa importancia económica, o seu papel fundamental na creación de emprego e a influencia noutras industrias auxiliares en Galicia, nun momento no que enfrenta tanto desafíos como oportunidades nunha contorna global cambiante. Galicia, co 39% do CGT español na construción naval, experimentou unha significativa recuperación, atribuída en parte a investimentos estratéxicos como a reactivación de instalacións como a da antiga Barreras en Vigo por parte do Grupo Armón, consolidando así a súa posición como líder nacional na industria naval.



Distribución por Comunidades segundo CGT en carteira de pedidos.
Fonte: Ministerio de Industria, Energía y Turismo

A nivel europeo, a competencia é forte, sobre todo con países asiáticos, pero España, e en particular Galicia, poden diferenciarse mediante a innovación, a especialización en buques de alto valor engadido e a colaboración estreita entre estaleiros e a industria auxiliar. Esta sinerxía proporciona axilidade, reduce custos e fortalece a competitividade global.

A competencia global na construción e reparación naval require unha continua innovación e diversificación. Galicia xa demostrou a súa capacidade para especializarse en áreas como os cruceiros, buques *offshore*, pesqueiros de última xeración e oceanográficos. Para seguir sendo competitivos é fundamental investir en investigación e desenvolvemento para crear buques de alto valor engadido que satisfagan as necesidades do mercado global e que nos permitan competir en calidade e non tanto en prezos, algo que é moi difícil fronte ao mercado asiático.

A descarbonización da industria marítima e as enerxías mariñas representan oportunidades clave para o futuro da industria naval. Proxectos innovadores (como o Bahía H2 Offshore, no que participa a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia e que recibiu fondos europeos do PERTE do Hidróxeno Renovable) buscan combinar a enerxía eólica mariña con tecnoloxías de hidróxeno para impulsar a descarbonización dos barcos e promover a sostibilidade. É importante seguir investindo en tecnoloxías e procesos que reduzan a pegada de carbono da industria e que a fagan máis competitiva a nivel mundial.

Con todo, a falta de persoal cualificado e a necesidade dunha maior capacitación son desafíos importantes. A colaboración público-privada para formar profesionais e atraer talento a esta área debería ser promovida como unha estratexia clave. É preciso que se establezan programas de colaboración entre institucións gobernamentais, empresas e centros educativos para desenvolver programas de formación adaptados ás demandas específicas da industria naval. Ademais, deberíanse adoptar políticas que fomenten a flexibilidade na contratación tanto a nivel nacional como internacional, permitindo ás empresas acceder a talento cualificado de maneira máis áxil e eficiente. Este enfoque colaborativo e flexible axudaría a abordar a escaseza de man de obra cualificada e a fortalecer a competitividade da industria naval en Galicia.

4.2. Automoción

A industria de automoción é unha actividade estratéxica dentro do tecido económico galego. Estas empresas están altamente especializadas e son un referente en innovación e produtividade, tanto a nivel nacional como internacional.

Trátase dunha industria altamente competitiva a nivel internacional que emprega máis de 19.600 persoas e que acadou os 12.355 millóns de euros de facturación no ano 2023.

Entre a industria da automoción galega non só destacan os fabricantes de turismos e vehículos industriais, tamén existen fabricantes de vehículos especiais todoterreo para uso civil e militar, de transporte de persoas, ou múltiples empresas de carrocería de relevancia internacional. Galicia conta así cun consolidado tecido empresarial que abarca toda a cadea de subministración da automoción, desde os provedores de primeiro nivel, ou Tier 1, ata empresas de compoñentes e subministracións industriais.

Destacan pola súa relevancia actividades como a fabricación de moldes, matrices, troqueis e utillaxes, mecanizadores, fabricantes de maquinaria especializada e autómatas, fabricantes de sistemas, empresas de metalmecánica, tratamentos superficiais e recubrimentos, enxeñerías, centros tecnolóxicos etc.

Esta industria vive, ademais, un momento de transformación sen precedente pola irrupción do vehículo eléctrico, que comeza a introducirse tamén no mercado galego. Así, en 2023, a matriculación de vehículos híbridos, eléctricos e de combustibles alternativos medrou un 22%. Nunha área tan internacionalizada como a da automoción, a gran oportunidade está no mercado exterior, onde a demanda destes vehículos crece a pasos axigantados pola decisión de Unión Europea de prohibir a fabricación de coches de combustión a partir de 2035.

Adaptar de forma áxil as nosas cadeas de produción e subministración será esencial para competir neste novo mercado. E é que, malia que Europa, xunto a EE. UU., sempre foi líder

en automoción, potencias emerxentes como Asia están entrando con forza, con prezos máis baixos que están copando xa o mercado europeo de venda de automóviles híbridos e eléctricos.

4.3. Construcións e estruturas metálicas

Esta actividade destaca pola súa relevancia e consolidación no sector, albergando importantes empresas de construción de fachadas e de estruturas metálicas. No ano 2023, esta industria experimentou un crecemento do 2% en emprego e un 5% en facturación. Con todo, este aumento foi lixeiramente inferior á media doutras actividades do sector, sobre todo debido ao incremento nos custos dos materiais.

Isto denota un reto engadido para este área, que é a falta de materias primas, en particular de metais como o aceiro. E é que Europa non produce xa aceiro primario suficiente para abastecer a súa propia industria; un problema que se arrastra desde hai tempo e que se fixo moi evidente na época de pandemia, cando moitas destas empresas tiveron que comprar aceiro á China para continuar coa produción, asumindo custos arancelarios máis elevados. Asia como potencia é, sen dúbida ningunha, a que máis crece neste sentido, porque mentres nós en Europa vemos como se reduce a produción de aceiro, alí seguen a explotalo e son tremendamente exportadores.

Ademais, outros factores están dificultando o acceso a este tipo de materias primas. Por unha banda, as sancións a Rusia, outro produtor histórico; e, por outra banda, a nova normativa arancelaria que aplica Europa desde outubro de 2023 a produtos como o aceiro para compensar a pegada de carbono de produtores de terceiros países que quizais non sigan os estándares europeos. Isto implica máis burocracia e custos para as empresas exportadoras deses países.


Este aumento nos custos xerou a paralización de numerosas obras tanto públicas como privadas, representando un desafío significativo para o futuro desenvolvemento da industria do metal.

4.4. Aeroespacial

A industria aeroespacial galega ten un enorme potencial e experiencia consolidada ao longo da última década, existindo hoxe en día máis de corenta empresas galegas que traballan directamente para grandes provedores de primeiro nivel internacional (Tier 1 como Boeing ou Airbus). Galicia conta con contratos garantidos para os próximos anos, acumulando un investimento de máis de 112 millóns de euros nos últimos cinco anos.


En 2023, a industria aeroespacial rexistrou importantes subidas do 5% no emprego e 25% na facturación, chegando aos 1.600 empregos e 132 millóns de euros de facturación. Estes aumentos foron motivados pola recuperación da aviación comercial a niveis prepandemia, pero tamén polos enormes nichos de mercado abertos en materia de defensa e drones.

É importante destacar tamén que ao longo de 2023 esta área incrementou as súas exportacións notablemente ata os 35 millóns de euros.



Exportacións sector aeronáutico España en millóns de euros.

Fonte: Estacom e Asime



Importacións sector aeronáutico Galicia en millóns de euros.

Fonte: Estacom e Asime

Dentro das actividades e dos procesos realizados, as empresas galegas están especializadas na enxeñería (deseño de produto e cálculo estrutural), a produción en serie de fibra de carbono (*Lay-up*, curado e inspección), o deseño e produción de utillaxe aeronáutica, e o mecanizado de materiais tan diversos e innovadores como o titanio ou o honeycomb.²¹

O Consorcio Aeroespacial Galego (CAG) é o pulmón desta industria en Galicia. Creado en 2007 co impulso de ASIME, agrupa na actualidade máis de corenta membros; entre os que destacan empresas, universidades e centros tecnolóxicos que son líderes na industria aeronáutica e aeroespacial.

É importante destacar a crecente industria dos drons no marco do Polo Aeroespacial de Rozas e da Civil UAVs Initiative da Xunta de Galicia, que ofrece oportunidades en materia de fabricación de partes e compoñentes, pero tamén de sistemas.

Por outra banda, o programa FCAS para aviación militar supón unha oportunidade engadida para as empresas desta industria, que está rexistrando importantes investimentos en materia de defensa que poden supor un pulo adicional para o empresariado galego.

4.5. Enerxías renovables

A industria das enerxías renovables destaca pola súa importancia estratéxica para o sector galego e polo seu papel na consecución da súa sostibilidade. Isto enmárcase nun contexto global onde a transición cara a fontes de enerxía máis limpas é cada vez máis urxente debido aos desafíos do cambio climático e á necesidade de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

As enerxías renovables teñen un papel relevante, destacando o seu potencial para diversificar a economía e crear emprego en Galicia; a industria galega pode liderar a transición cara a un modelo enerxético máis sostible, xa que conta cos recursos naturais e a experiencia necesaria a nivel industrial.

Sobresae, ante todo, o ámbito da eólica mariña, unha área na que temos na actualidade no sector metal galego máis de 3.000 persoas traballando directamente, mais que poderían chegar aos 12.000 empregos directos nos próximos dez anos e xerar un efecto tractor en 200 empresas.

Porén, para conseguilo, ademais de exportar esta tecnoloxía ao mundo, tamén sería preciso implantar parques eólicos mariños nas nosas augas, sempre en convivencia coas demais actividades do espazo marítimo e desde o diálogo no marco do Observatorio da Eólica Mariña promovido pola Xunta de Galicia.

A convivencia é posible, tal e como destacan desde o Galician Offshore Energy Group de ASIME. É xa unha realidade noutros países como Alemaña, Reino Unido, Países Baixos ou Dinamarca, que apostaron con forza por esta enerxía hai anos. Mais en España precísase un marco regulador claro, que defina ao detalle as poxas para a implantación de parques eólicos mariños nas nosas costas, non tanto porque a nosa industria necesite traballo (está xa practicamente ao 90% de capacidade produtiva), senón porque esa transición enerxética é inescusable para xerar novos investimentos, empregos e, sobre todo, un prezo enerxético competitivo para as nosas propias empresas e consumidores.

Enerxías como a eólica mariña son tamén una oportunidade para a industria. De feito, hoxe en día en Europa só hai capacidade para proveer un 50% de todos os parques eólicos mariños que se planea desenvolver e a industria galega está xa moi ben colocada a nivel internacional. De feito, dos cinco únicos parques eólicos flotantes implantados en Europa, tres teñen tecnoloxía galega. Escalar eses esforzos e situar Galicia como *hub* internacional da eólica mariña será fundamental para asegurar a competitividade da nosa industria nun eido tan relevante para o futuro como o das enerxías renovables.

Con todo, existe unha gran preocupación sobre os obstáculos legais que enfrontan os investimentos nesta área. A falta dun marco regulador claro pode desincentivar os investimentos e obstaculizar o desenvolvemento de proxectos en enerxías renovables.

A importancia da innovación tecnolóxica e a adopción de prácticas máis eficientes no sector industrial galego será clave para a eficiencia enerxética e a integración da intelixencia artificial na optimización de procesos industriais, así como a redución do consumo de enerxía. Estes aspectos non só son relevantes para o presente, senón que tamén xogarán un papel fundamental no futuro do sector. A capacidade de adoptar tecnoloxías innovadoras e prácticas máis eficientes mellorará a competitividade das empresas industriais galegas e, de igual xeito, contribuirá á súa sostibilidade a longo prazo nun contexto global en constante evolución. Por tanto, é crucial que as políticas industriais futuras se centren en fomentar a innovación e a eficiencia enerxética para garantir un desenvolvemento industrial sólido e sostible en Galicia.

En resumo, o conxunto do sector industrial galego está comprometido coa promoción das enerxías renovables e a sostibilidade como motores de crecemento económico e desenvolvemento sostible na rexión. Con todo, para aproveitar plenamente este potencial, é esencial contar cun marco regulador claro e políticas de apoio que impulsen o investimento e a innovación neste ámbito.

4.6. Conclusións

O futuro do sector industrial galego é prometededor, cun crecemento sostido apoiado pola innovación, a internacionalización e o compromiso coa sostibilidade. A medida que avanzamos cara ao futuro, as perspectivas indican un panorama de oportunidades e desafíos que requiren unha visión estratéxica e políticas industriais sólidas. Cunha política

industrial ben enfocada, cunha orientación proactiva na formación e a innovación, o sector pode consolidar a súa posición como motor clave da economía galega nos próximos anos.

En primeiro lugar, a innovación xogará un papel capital na evolución do sector industrial galego. O investimento en investigación e desenvolvemento, así como en tecnoloxías emerxentes, permitirá ás empresas manterse á vangarda da competitividade global. Isto inclúe a adopción de prácticas máis eficientes, a dixitalización de procesos e a exploración de novas áreas de negocio, como a industria de defensa e os drones.

Con todo, estes avances vense obstaculizados pola escaseza de persoal, tanto cualificado como non cualificado. A pirámide da nosa poboación, que está invertida desde hai anos, e a falta de oferta formativa adecuada contribúen a esta situación. Por tanto, é crucial adoptar medidas para atraer e formar talento no sector, así como flexibilizar os trámites para a contratación nacional e internacional.

Ademais, o papel da eólica mariña e as enerxías renovables será crucial no futuro do sector industrial galego. A transición cara a fontes de enerxía máis limpas non só é unha necesidade ambiental, senón tamén unha oportunidade económica. Con todo, a política neste ámbito pode ser decisiva. Un marco regulamentario claro e políticas de apoio axeitadas poden impulsar o investimento e a innovación neste sector, contribuíndo así ao crecemento e á sostibilidade da industria.

En resumo, aínda que o sector industrial galego enfrenta desafíos significativos, como a escaseza de persoal e a dependencia enerxética, tamén está consolidado para aproveitar as oportunidades emerxentes, en particular en áreas como a innovación tecnolóxica e as enerxías renovables.

4.7. Retos de futuro

2024 presentouse como un ano de incerteza e desafíos, marcado pola persistente inestabilidade internacional e as preocupacións sobre unha posible desaceleración económica en Europa. A medida que entramos nel, enfrontámonos a un panorama global caracterizado por conflitos bélicos, xeopolíticos e tensións en Oriente Próximo e Ucraína, o que engade unha capa adicional de complexidade á situación.

A pesar destes desafíos, 2024 tamén ofrece oportunidades para avanzar en diversos campos tecnolóxicos e sociais.

Mirando cara adiante, o sector fai fronte a unha serie de desafíos que requirirán atención e acción conxunta. Estes inclúen a necesidade de adaptarse a unha contorna económica e xeopolítica en constante cambio, así como impulsar a innovación e a competitividade nun mercado global cada vez máis dinámico.

Neste sentido, os principais desafíos que deberá afrontar o sector do metal neste ano e máis alá son os seguintes.

- **Inestabilidade internacional.** Debemos estar preparados para responder aos retos que xurdan da inestabilidade xeopolítica e os conflitos internacionais, asegurando a continuidade das nosas operacións e protexendo os nosos intereses comerciais nunha contorna volátil.

- **Impulsar a innovación tecnolóxica–Dixitalización e Industria 5.0.** A dixitalización da industria, incluída a adopción de tecnoloxías como a intelixencia artificial, será fundamental para aumentar a eficiencia e a competitividade do sector. A transición cara á Industria 5.0, caracterizada pola integración da tecnoloxía dixital en todos os aspectos da produción, permitirá ás empresas adaptarse a unha contorna empresarial en constante cambio e aproveitar ao máximo as oportunidades emerxentes.
- **Fomentar a sostibilidade.** O desafío da transición verde representa un cambio esencial para a industria do metal galega, que historicamente estivo vinculada a procesos intensivos de enerxía e recursos. A redución de emisións de carbono e a adopción de prácticas máis sostibles vólvense imperativas a medida que o mundo avanza cara a unha economía máis respectuosa co medio ambiente. Precísanse políticas globais concertadas e accións coordinadas para abordar este reto a nivel mundial. O pulo ás enerxías renovables, en particular a eólica mariña, preséntase como unha oportunidade clave para avanzar cara a unha economía máis sostible e resiliente. O investimento en tecnoloxías renovables non só contribuírá a reducir as emisións, senón que tamén xerará emprego e promoverá a innovación no sector. O desafío radica en equilibrar a necesidade de ser máis sostibles coa preservación da competitividade e o emprego nunha industria fundamental para a economía de Galicia.
- **Emprego e formación.** A falta de persoal cualificado segue sendo un reto importante para a industria. É crucial investir en programas de formación e capacitación continua, así como no desenvolvemento de habilidades dixitais, para abordar esta fenda de habilidades e garantir que os traballadores estean preparados para os empregos do futuro. O *upskilling* e a formación continua serán capitais para manter a competitividade e a empregabilidade nun mercado laboral en evolución constante.
- **Atracción e retención do talento.** Nun contexto económico globalizado e altamente competitivo, as empresas deste sector precisan acceso a profesionais moi cualificados e capaces de adaptarse ás demandas tecnolóxicas e medioambientais en constante evolución. Atraer novos talentos pode ser complicado debido á percepción histórica da industria do metal como un campo tradicional e a miúdo menos atractivo para as xeracións máis novas. Ademais, a retención do talento vólvese crucial para evitar a fuga de cerebros e o envellecemento da forza laboral. A industria debe abordar estes desafíos a través de estratexias de formación e desenvolvemento, ofrecendo oportunidades de crecemento e promoción, e promovendo unha cultura de innovación e sostibilidade. Ao facelo, non só se asegura unha forza laboral cualificada e motivada, senón que tamén se fortalece a capacidade da industria galega do metal para afrontar os desafíos futuros e prosperar nunha contorna empresarial cambiante.

- **Colaboración na cadea de valor.** A colaboración nos diferentes eidos da cadea de valor da industria do metal é un dos principais retos nun mundo cada vez máis interconectado. A cooperación efectiva entre os distintos actores, desde a extracción de materias primas ata a produción e distribución de produtos finais, é esencial para maximizar a eficiencia e a competitividade. Superar este desafío implica establecer relacións sólidas e fiables, adoptar tecnoloxías que faciliten a comunicación e a transparencia, e desenvolver estratexias conxuntas para abordar os retos ambientais e sociais que enfronta a industria do metal.
- **Cadeas de valor globais.** A integración da industria galega do metal en cadeas globais de valor é fundamental para o seu crecemento e competitividade a nivel nacional e internacional. Ao situarse estratexicamente nestas cadeas, as empresas galegas do metal poden acceder a novos mercados e oportunidades de colaboración a nivel mundial. Isto non só fomenta a expansión das súas operacións e a xeración de emprego, senón que tamén impulsa a transferencia de coñecemento e tecnoloxía, o que contribúe á innovación e ao desenvolvemento sostible. Ademais, ao formar parte destas cadeas a industria galega do metal pode beneficiarse de economías de escala e reducir custos, o que a fai máis competitiva nunha contorna empresarial cada vez máis globalizada.
- **Atracción de investimentos no territorio galego de maneira continua que permitan seguir competindo a nivel internacional.** A globalización e a crecente competencia no sector do metal exigen que Galicia non só manteña, senón que incremente os seus esforzos para atraer capital e fomentar o crecemento de empresas locais; especialmente en áreas en auxe ou industrias estratéxicas que foron deslocalizadas nas últimas décadas.

En **conclusión**, o sector metal galego atópase nun bo momento, coa súa capacidade produtiva ocupada en máis dun 90% e cunha previsión de crecemento nos próximos catro anos en case todas as súas áreas.

Porén, os próximos anos tamén presentan unha serie de desafíos e oportunidades que requirirán un enfoque estratéxico e colaborativo. Será preciso abordalos con determinación e visión de futuro para seguir avanzando cara a un mañá próspero e sostible para a industria do metal.